

# 8PÉS

VI FESTIVAL DE ÓRGANO
15—21 NOVEMBRO 2026

a clásica

**DIRECTOR**
Manuel Martínez Torres

**VICEDIRECTOR ARTÍSTICO**
Daniel Sanmartín Nieto

**COMUNICACIÓN**
Samuel Merino Gómez

**REVISIÓN LINGÜÍSTICA**
Silvia Penas Estévez

**DESEÑO E IMAXE**
Christian García Bello

**FOTOGRAFÍA**
Olalla Lojo e Lino Escuris

**VÍDEO**
Jesús Ruperto Andrés Tejada

**ORGANIZA**
Orquesta Clásica de Vigo

**COLABORAN**
Xunta de Galicia
Deputación de Pontevedra
Camões Centro cultural portugués en Vigo
Museo do Mar de Galicia

**COPRODUCE**
INAEM-CNDM

**PARTNER LOXÍSTICO**
Welgood

**MEDIA PARTNER**
Melómano, A Movida, Televisión de Galicia

**IMPRIME**
Deputación de Pontevedra
DL: VG 653-2026

# 8PÉS

ENTRADAS EN ATAQUILLA.COM
E NA SEDE DE AFUNDACIÓN

## Alejandra Escolante
DOMINGO 15 DE NOVEMBRO — 18:00
MUSEO DO MAR DE GALICIA

## Daniel Oliveira
LUNS 16 DE NOVEMBRO — 21:00
CONCATEDRAL DE Sª Mª DE VIGO

## Daniel Oyarzabal + Mirian Hontana (*Violín*)
MARTES 17 DE NOVEMBRO — 21:00
CONCATEDRAL DE Sª Mª DE VIGO

## Fernando Buide *Estrea absoluta*
MÉRCORES 18 DE NOVEMBRO — 21:00
CONCATEDRAL DE Sª Mª DE VIGO

## Alma Bettencourt
XOVES 19 DE NOVEMBRO — 21:00
CONCATEDRAL DE Sª Mª DE VIGO

## Peter Holder
VENRES 20 DE NOVEMBRO — 21:00
CONCATEDRAL DE Sª Mª DE VIGO

## Daniel Sanmartín + Orquesta Clásica de Vigo
SÁBADO 21 DE NOVEMBRO — 21:00
CONCATEDRAL DE Sª Mª DE VIGO

## VISITAS GUIADAS
Presentación e visitas guiadas ao órgano da Concatedral de Vigo co musicólogo Daniel Sanmartín.

DO 16 AO 20 DE NOVEMBRO
17:00 E 17:30

# PRESENTACIÓN

## Manuel Martínez Torres

**DIRECTOR DO FESTIVAL**

O **8pés**, o festival de órgano de Vigo, naceu hai seis anos co obxectivo de poñer en valor o único órgano en funcionamento da cidade de Vigo: o noso querido Alberdi de 1909. Comezamos este camiño abraiados por esa conxunción única entre música, patrimonio, historia, misterio, liturxia, artesanía e enxeñería á que nos achegamos cada ano e grazas á cal non deixamos de formular novas preguntas e de extraer leccións que intentamos levar con honestidade ao papel e ás programacións.

Traballamos cun instrumento centenario que responde sempre ás cuestións e retos que lle formulamos con xenerosidade, propoñendo sempre unha vía de aproximación á súa inmensa complexidade. Dende a súa modesta tribuna, preséntase ao mundo cada ano cunha vitalidade e actualidade únicas que demostran a súa vixencia e nos confirman a importancia deste traballo: o de traducilo ás sensibilidades actuais para garantir o legado.

Todos nós somos actores e transmisores e temos a capacidade e o deber de interpretar en clave presente. Estamos ante unha materia complexa e fráxil e levamos anos traballando con límites sobre os que edificamos o festival e acadamos resultados impensables, como os de espertar a paixón polo órgano en Vigo e convidar aos máis grandes artistas para que sexan parte da historia do noso órgano.

A VI edición chega cargada de retos e, por que non dicilo, da presión e necesidade autoimposta de seguir ofrecendo unha proposta viva e sorprendente tras a edición de 2025. Insistimos sempre na necesidade de normalizar o insólito e temos que ser consecuentes.

O **8pés** chega cunha programación composta de sete oportunidades para achegarse ao órgano dende puntos de vista moi diversos e complementarios froito, principalmente, da procedencia dos artistas que convidamos neste ano. Galicia, España, Portugal, Francia, Reino Unido e Italia, estarán representados a través dos tubos do noso órgano. Os artistas que conformarán a edición de 2026 son Alejandra Escolante, Daniel Oliveira, Daniel Oyarzabal, Miriam Hontana, Fernando Buide, Peter Holder e o meu colega Daniel Sanmartín, que pechará esta edición como non podería ser doutro xeito: coa Orquesta Clásica de Vigo baixo a dirección de Manuel Martínez Álvarez-Nava. A vosa pegada é xa parte da nosa historia, grazas a todos e a todas pola vosa xenerosidade.

Neste ano queremos cumprir un soño: levar o festival á cidade. Buscamos explorar novos espazos e formatos a través desta música. É así como o festival adquire unha nova dimensión e comeza a tecer un mapa de puntos que permita integrar a cidade. Nesta primeira parada chegamos ao Museo do Mar de Galicia, un dos conxuntos arquitectónicos máis fermosos da

nosa cidade, que ofrece unha relación única co mar e a contorna, a cal queremos explorar grazas a un órgano positivo.

Con este festival tamén aspiramos a deixar unha pegada: queremos seguir escribindo páxinas na historia deste órgano, retomando así o traballo creativo iniciado en 1922 por D. José Torres Creo, artista que compuxo en Vigo o *Himno popular ao Santo Cristo da Victoria*, unha obra creada integramente para ser interpretada neste instrumento. Nós queremos tender unha ponte con este momento para retomar este traballo creativo. Queremos converter o órgano Alberdi nun motor de creatividade e un espazo para a reflexión a través do cal mirar ao futuro. O artista galego Fernando Buide será o encargado de abrir e explorar esta vía coa que procuramos manter a vixencia para que as vindeiras xeracións poidan seguir extraendo leccións deste anaco vivo da nosa historia; unha auténtica honra que demostra o poder de atracción que agocha este instrumento.

Non quero repetirme, pero nunca está de máis agradecervos a vosa presenza e actitude crítica: sodes os que completades e dades sentido ao **8pés**. Estamos a construír un espazo cultural de referencia que pode chamar ás portas dos artistas máis importantes de Europa, e iso é grazas a vós.

Como non pode ser doutro xeito, agradecemos inmensamente a colaboración da Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra, o Centro Nacional de Difusión Musical (CDNM-INAEM), o Camões Centro Cultural en Vigo; a xenerosidade da Diocese, da Concatedral e do seu párroco; ao Museo do Mar de Galicia por sumarse a este proxecto; a Welgood, Melómano, a CRTVG e A Movida por contribuír á consolidación dun proxecto tan especial. Estas entidades permiten que, un ano máis, poidamos convidar os mellores artistas á nosa cidade.

O **8pés** é unha cita única no noso calendario. Unha oportunidade para celebrar o insólito e normalizar o excepcional. Unha porta aberta a un patrimonio vivo, inabarcable e que non adoita mostrarse ao mundo, o cal só pode ser abordado grazas a que temos un órgano na nosa cidade.

# O INSTRUMENTO DO INFINITO


## Daniel Sanmartín Nieto
MUSICÓLOGO


O festival **8pés** chega á súa sexta edición explorando as infinitas posibilidades do órgano e recuperando a súa concepción de medio natural para todo tipo de experimentacións. Se no ano 2025 a nosa cita anual fixo un exercicio de introspección para buscar o acento orixinal do Lope Alberdi de 1909 —centrándose na intimidade e no esplendor do Romanticismo sinfónico francés—, a presente edición abre de par en par as ventás para celebrar a súa versatilidade e a súa capacidade de transformación. O órgano de Vigo amosa así que, máis alá de ser un vehículo ligado a un único estilo ou a unha única época, é un organismo vivo e camaleónico, capaz de transitar sen fisuras desde os ritmos populares do Renacemento ata as vangardas do século XX, no diálogo camerístico ou na eclosión sinfónica máis atrevida.

Esta infitude do instrumento exprésase non só na amplitude do seu repertorio, senón na súa facultade para habitar e transformar diferentes espazos e sonoridades. Desde a súa casa de sempre, a arquitectura do templo, ata o auditorio, o teatro de ópera ou a sala de cine —unha dimensión, esta última, que agardamos esperanzados poder volver gozar do noso Teatro Cine Fraga nun futuro non moi afastado—. O órgano deixa de ser así un monumento estático para converterse nun punto de encontro no que a tradición máis antiga e a creación do noso tempo conviven.

A viaxe comeza cunha lección de vitalidade da man de Alejandra Escolante ao órgano positivo, por primeira vez trasladando a música fóra da Concatedral. Co recital *Danzar por Europa: tres paisaxes para órgano*, o instrumento sae do seu ámbito habitual para converterse en motor do movemento. Desde os aires de batalla e as danzas populares de William Byrd na Inglaterra do Renacemento, pasando pola evolución da *musica cubicularis* en Italia con autores como Valente, Frescobaldi e Storace, ata a enerxía popular da Península Ibérica, con Martín y Coll ou Antonio Mestres, este concerto inaugural pon de manifesto o aspecto máis popular do instrumento.

O segundo encontro, a cargo de Daniel Oliveira, establece unha ponte fundamental coa nosa veciñanza a través do programa *A música para órgano en Portugal a partir de 1800: a influencia francesa*. Este concerto dialoga de xeito directo coa temática da pasada edición, pero desde un prisma novo: amosar como a estética francesa impregnou e transformou a creación organística no país portugués. A través de obras de autores como Marcos Portugal, Augusto Machado, Luís de Freitas Branco ou Joaquim dos Santos, confrontadas con páxinas do repertorio francés como as de Courtonne ou Dubois, ponse de manifesto a permeabilidade e o diálogo constante entre as escolas europeas.

A dimensión camerística e a arte da transcrición toman o protagonismo no terceiro concerto co organista Daniel Oyarzabal —que volve visitarnos— e o violín de Miriam Hontana. O programa combina a monumental *Toccata* da *Suite, op. 5* de Maurice Duruflé coa célebre colección de concertos para violín *As catro estacións* de Antonio Vivaldi, xunto á transcrición que Johann Sebastian Bach realizou do máis famoso concerto para dous violíns do mestre italiano. Outro exemplo da condición infinita

do órgano: a súa capacidade para asumir e recrear o colorido dunha orquestra barroca sen perder a súa propia identidade.

O aclamado compositor Fernando Buide préstase de bo grado a retornar ao seu instrumento propoñendo un percorrido que condensa a continuidade do pensamento musical. A través dun diálogo fluído entre o Barroco e a vangarda, o artista conecta o *Ricercare* cromatico de Girolamo Frescobaldi co *Ricercare* que György Ligeti lle dedicou en 1953, pasando polas páxinas de Bach, Schumann e Reger, e a espiritualidade vangardista de Olivier Messiaen. O punto culminante deste concerto é a estrea absoluta dos *Preludios litúrxicos* (2026), compostos polo propio Buide especificamente para o órgano de Santa María de Vigo, confirmando que o instrumento mantén o seu tradicional rol de laboratorio creativo con plena vixencia.

A quinta cita tráenos a organista parisina Alma Bettencourt, nunha velada na que non podiamos renunciar á gran tradición romántica francesa da que bebe xeneticamente o órgano Alberdi. Con obras emblemáticas de Widor, Saint-Saëns, Litaize, Franck, Vierne e Alain, o programa permítelle ao instrumento despregar a súa máxima riqueza tímbrica e a súa potencia expresiva.

O organista británico Peter Holder achega no sexto concerto unha perspectiva singular e contrastante, ofrecéndonos un orixinal programa de autores ingleses que rara vez se ten a oportunidade de escoitar fóra das Illas Británicas. A súa proposta une a monumentalidade do eterno Bach coa elegancia da tradición anglosaxona e a inventiva dos contemporáneos *Raggle Taggle Tunes* de Iain Farrington, amosando a ductilidade do órgano para abrazar linguaxes moi diversas.

Para concluír esta edición, eu mesmo terei a honra de sentarme por primeira vez diante dos teclados do noso instrumento. Tras seis anos compartindo con vós esta viaxe, asumo o reto co desexo sincero de estar á altura do cariño que sempre nos demostrastes nos concertos, nas visitas guiadas e en cada encontro. Podo dicir orgulloso que o meu propio camiño como músico medrou ao mesmo tempo que o fixo a paixón polo órgano na cidade de Vigo; unha fermosa experiencia nutrida pola fortuna de poder escoitar e aprender dos grandes artistas que nos visitaron estes anos, e que hoxe me empurra a presentarme ante vós tamén desde o banco do organista. Faremos un percorrido a través da metamorfose do órgano en instrumento de concerto que tivo lugar a partir das últimas décadas do século XIX, desde o refinamento da *Belle Époque* ata a visión vangardista de Claire Delbos ou, nun sentido moi diferente, do sorprendente *Concerto «Innocente»* do compositor letón Marģeris Zariņš, pechando o festival, como sempre, xunto á Orquesta Clásica de Vigo baixo a dirección de Manuel Martínez Álvarez-Nava.

Esta sexta edición de **8pés** non aspira unicamente a trazar un mapa de estilos, senón a revelar un espazo único para a experimentación estilística e estética. Facer soar o órgano en Vigo a través dun abano tan vasto de linguaxes supón lembrar que a grande arte non se encerra só nos museos, senón que ás veces debe tomar aire e transformarse co pulso do presente e de quen o habita. Un alento compartido que lle devolve á palabra grega *órganon* o seu verdadeiro significado: o do 'instrumento' ideal para traducir esa metáfora do infinito que é a música.

# A VIAXE DO ÓRGANO DA COLEXIATA

## Alejo Amoedo

A principios do século XX era moi habitual que un pianista tocase o órgano —tamén o harmonio— e un organista tocase o piano, pero, indubidablemente, non do mesmo xeito. Por un lado, todos os organistas adoitaban tocar o piano, xa que era o instrumento básico con que aprendían técnica nos centros de formación. Pola súa banda, moitos pianistas aprenderon a tocar o órgano por razóns laborais; por exemplo, para acompañar as películas de cine mudo nos grandes órganos de sala ou para exercer no ámbito litúrxico, aínda que cambiar dun ao outro exixía un adestramento especial. Mentres o pianista achega ao órgano unha importante axilidade dixital, capacidade de lectura e sensibilidade lineal, atópase co reto de dominar o pedaleiro, a xestión do son mediante a articulación e a arte da rexistración. Pola súa parte, o organista —que adoita ter no piano a súa base inicial— achega ao teclado do piano un oído polifónico excepcional e unha precisión rigorosa do tempo, debendo readaptar o seu toque ao peso da tecla e ao control directo da dinámica e do pedal de resonancia. Deste xeito, o dominio dun deles amplía inevitablemente a comprensión musical e a versatilidade técnica do outro. En resumo, a convivencia entre o piano e o órgano na vida diaria de calquera músico da época era total.

Neste efervescente contexto musical, naceu unha das xoias patrimoniais máis senlleiras do patrimonio musical vigués: o órgano da Colexiata de Santa María. A súa historia inclúe a mestres organeiros, organistas, pianistas, magnates locais, unha gran exposición rexional e a solidariedade de toda unha cidade.

### UNHA XOIA NADA EN BARCELONA EN SANTIAGO

Corría o ano 1909 cando o prior da Colexiata de Santa María de Vigo, Faustino Ande, xunto co capelán do Cárcere de Caldas de Reis, Ramón Vidal, viaxou a Barcelona. O seu destino era o prestixioso obradoiro da casa Lope Alberdi, onde o organeiro —coa colaboración do seu fillo, o pianista e organista Antonio Alberdi— ultimaba a construción dun novo instrumento.

Tras escoitar os primeiros acordes das mans dos mestres de capela das igrexas de San Juan e San Pedro da capital catalá, Soler y Mas e Serracant, a impresión foi absoluta: cualificárono sen dubidar como «unha xoia para a arte por todos os conceptos».

Pero antes de soar en Vigo, o instrumento tiña unha cita coa historia. A instancias do propio prior Ande, o órgano viaxou embalado en 24 grandes caixas cara a Santiago de Compostela para participar na Exposición Rexional Galega de 1909, o grande evento económico e cultural inaugurado polo rei Afonso XIII o 24 de xullo. Para adaptalo á magnificencia do Pavillón Central do certame, o construtor fixo melloras no moble, dándolle aínda máis esplendidez.

Durante os meses da exposición, ante os máis de 50.000 visitantes, o órgano resoou no Salón de Festas. As crónicas da época lembran como o 9 de agosto o instrumento marabillaba os visitantes interpretando a *Marcha a San Ignacio*, e como o recoñecido pianista, director e compositor Antonio García Jiménez (Santiago de Compostela, ca. 1868- 1955), ofreceu un concerto improvisado a petición de distinguidas familias. Este músico foi director da Banda Municipal de Santiago de Compostela (1906-1907); intervén

como pianista representativo do Salón Teatro; organista en distintas parroquias compostelás; pianista no Balneario da Toxa e de Mondariz Balneario, onde acude coa súa orquestra para as festas da Virxe do Carme; mestre na Escola Normal de Mestres de Santiago (1908); en 1927 é nomeado profesor da materia de Música na Universidade de Santiago; fundador e director da Sociedade Coral Unión Artística Compostelá (1901-1903) e da do orfeón La Lira de Santiago. García Jiménez actuaba habitualmente co seu sexteto no nomeado pavillón.

## INNOVACIÓN TÉCNICA E ELEGANCIA BIZANTINA

A revista Vida Gallega de xuño de 1909 deixou rexistrada unha detallada descrición do instrumento que amosa o avanzado que era o seu deseño:

«É todo expresivo, estilo bizantino; mide 6 metros de altura por 4 de ancho e 3,70 de fondo. Ten unha consola independente ao uso moderno e figuran nela 2 teclados de man e un de pedaleiro de 27 notas. O segundo teclado é de dobre expresión e esta novidade fai duplicar a importancia do instrumento, que igual ca o teclado de pedais chamará a atención dos intelixentes. En 12 rexistros variados poden obterse as máis selectas voces. O conxunto do moble é severo, esvelto e dun gusto irreprochable».

## A CHEGADA A VIGO: ESFARELANDO O VELLO PARA ABRAZAR O NOVO

O 12 de novembro de 1909, tras clausurarse a Exposición, comezou a desmontaxe no Salón de Festas compostelán. Un pouco despois, o 17 de novembro, as 24 caixas chegaban finalmente a Vigo para ser instaladas no coro da Colexiata de Santa María.

Para facerlle sitio, retiráronse os restos do antigo órgano do templo, do cal, segundo os xornais, pouco se puido salvar: «non se puido aproveitar máis ca o estaño de fundir os tubos, o cal deu unha ganancia de 300 pesetas. A madeira estaba tan gastada que non serviu máis que para leña, e foi regalada».

O novo instrumento tivo un custo total de 13.000 pesetas (incluíndo o transporte e montaxe a cargo do construtor). O financiamento foi un verdadeiro exemplo de mobilización cidadá: financiouse mediante subscrición popular, co apoio fundamental do Concello de Vigo como principal doante e a destacada contribución do Conde de Casa Bárcena.

## A GRANDE ESTREA DO 8 DE DECEMBRO

O 8 de decembro de 1909, ano do centenario da Reconquista de Vigo e día da Inmaculada Concepción, Vigo vestiuse de gala. Ás tres e media da tarde, o prior Faustino Ande bendiciu o instrumento e dende o presbiterio dedicou unhas emotivas palabras de gratitude aos doantes e á cidadanía.

A inauguración musical foi memorable: o mestre de capela da Catedral de Tui, o organista Martínez Posse, fixo soar as primeiras notas coa *Marcha Real*; A continuación, o pianista Antonio García Jiménez (desprazado expresamente desde Santiago) e José Torres Creo (pianista e organista titular da Colexiata de 1894 a 1939) executaron un selecto programa que puxo de manifesto as importantes posibilidades sonoras da nova adquisición.

Coa presenza do propio organero Lope Alberdi entre o público, a Colexiata de Vigo iniciaba así unha nova era musical, acollendo no seu coro un instrumento cuxa voz segue a ser parte viva da historia sonora da nosa cidade.

# O ÓRGANO

LOPE ALBERDI
1909

REFORMADO EN
1980 ca.

REFORMADO EN
2017

2 TECLADOS MANUAIS DE 56 NOTAS (DO1-SOL5)
1 PEDALEIRO DE 30 NOTAS (DO1-FA3)
TRANSMISIÓN ELÉCTRICA DE NOTAS E REXISTROS,
CON COMBINADOR ELECTRÓNICO
25 REXISTROS
1042 TUBOS


## DISPOSICIÓN FÓNICA

PEDAL
1 Subbajo 16'
2 Contras 8'
3 Flauta Tapada 8'
4 Flauta 4'
5 Tenor 4'
6 Fagot 16'
7 Trompeta 8'

I ÓRGANO MAIOR
8 Flautado Violón 16'
9 Flautado Principal 8'
10 Flauta Armónica 8'
11 Violón 8'
12 Octava 4'
13 Flauta Dulce 4'
14 Quincena 2'
15 Lleno III 1-1/3'
16 Trompeta Real 8'

II RECITATIVO EXPRESIVO
17 Bordón 8'
18 Viola de Gamba 8'
19 Voz Celeste 8'
20 Principal 4'
21 Ocarina 4'
22 Nasardo 2-2/3'
23 Octavín 2'
24 Fagot y Oboe 8'
25 Voz Humana 8'
26 Trémolo

ACOPLAMENTOS
27 I-Pedal
28 II-Pedal 8'
29 II-Pedal 4'
30 I-I 16'
31 I-I 4'
32 II-I 16'
33 II-I 8'
34 II-I



Nos rexistros do órgano, a altura do son vén dada polas súas medidas físicas: a lonxitude do tubo máis grave de cada rexistro indica a tesitura, onde 8' («oito pés», uns 2,44 metros) equivale á altura real, coma nun piano; 16' soa unha oitava máis grave da tecla que se pulsa e 4' unha oitava máis agudo.

Os rexistros poden clasificarse nas dúas grandes familias de labiais (tamén chamados fondos, como o Flautado Principal 8', Bordón 8', Octava 4' e moitos outros) e de lingüeta (cun timbre máis incisivo, como a Trompeta Real 8', a Voz Humana 8'...). Moitos deles buscan evocar de forma estilizada instrumentos da orquestra, como a Flauta Armónica 8'.

Para enriquecer o timbre úsanse os rexistros de mutación, que suman harmónicos individuais (Nasardo 2-2/3'), e as mixturas, que engaden simultáneamente varios tubos agudos (Lleno III). A expresividade amplíase con rexistros como a Voz Celeste 8', cuxa lixeira desafinación respecto á Viola de Gamba 8' (xunto á que se usa case sempre) xera un efecto ondulante que recorda a sección de corda da orquestra. Finalmente, os acoplamentos permiten sumar os sons dun teclado a outro ou ao pedaleiro.

Coñecendo estas características, o organista decide, previamente ao concerto, qué combinación dos diferentes rexistros asignar a cada unha das seccións das obras que interpretará, en base ao estilo da peza, ao propio gusto personal ou, ocasionalmente, ás indicacións precisas dadas polo compositor.



A danza constitúe un dos fíos condutores máis fértiles da música europea entre os séculos XVI e XVIII. Moito antes de converterse en forma abstracta, a música para teclado naceu ligada ao corpo, ao ritmo e ao xesto. Este programa propón unha viaxe por tres paisaxes sonoras nas que a danza adopta funcións e significados distintos: dende a elegancia cortesá do Renacemento inglés, pasando pola transformación formal italiana, ata a vitalidade rítmica da tradición ibérica.

No primeiro bloque, a figura de William Byrd eríxese como un dos grandes mestres do Renacemento inglés. As súas danzas combinan refinamento e viveza cunha escritura rica en contrastes. Unha selección de *The Battle (The trumpet, The Irish March, The flute and the drum)* suxire timbres militares e efectos imitativos. A continuación, as danzas populares *Wolsey's Wilde* e *La Volta* introducen un carácter social de pulso marcado, mentres que *Oh Fortune* experimenta coa variación dun tema nostálxico. O bloque conclúe coa parella tradicional de pavana e gallarda, que amosa o equilibrio entre gravidade e movemento característico da estética cortesá.

Italia representa o segundo momento deste percorrido, no que a danza comeza a expandirse cara a estruturas máis complexas. A Romanesca de Antonio Valente exemplifica unha das fórmulas harmónicas máis difundidas do Renacemento, sobre a que se constrúen variacións improvisatorias, xunto ao seu *Ballo dell'intorcia*. Xa no ámbito barroco, Girolamo Frescobaldi e Bernardo Storace desenvolven a sucesión de danzas encadeadas, anticipando formas máis elaboradas.

O terceiro bloque trasládanos á Península Ibérica, onde a danza adquire unha forza rítmica e un carácter máis directo. *A Tocata pastoril* de Antonio Mestres evoca atmosferas campestres e melodías populares como a gaita. A través da colección *Flores de música* compilada por Martín y Coll, preséntanse pasacalles baseados en variacións harmónicas recorrentes, a *Danza de hacha* e o *Villano* (de marcados acentos rítmicos), e as *Diferencias sobre la gaita*, que poñen no centro a variación sobre un modelo melódico amplamente recoñecible.

Interpretado nun órgano positivo, este repertorio recupera unha dimensión íntima e transparente, próxima aos espazos domésticos ou cortesáns. Lonxe da gran sonoridade dos órganos de igrexa e concerto, este instrumento permite apreciar con claridade as texturas, articulacións e contrastes que lle dan vida á danza, convidando a escoitar o movemento como un impulso vital que atravesa épocas e estilos.

# Alejandra Escolante

## ÓRGANO POSITIVO

## *Danzar por Europa: tres paisaxes para órgano*

### DOMINGO 15 DE NOVEMBRO — 18:00
### MUSEO DO MAR DE GALICIA

COLABORA

MdM
MUSEO DO MAR DE GALICIA

ENTRADAS EN ATAQUILLA.COM
E NA SEDE DE AFUNDACIÓN

ÓRGANO POSITIVO DE JUAN BAUTISTA DÍAZ (1990).
AGRADECEMENTOS A ALICIA ALCAINA POLA
CESIÓN DO INSTRUMENTO.

PROGRAMA

*Inglaterra: Da batalla á corte*
**William Byrd (ca. 1540-1623)**
Danza de batalla
– *The Trumpet*
– *The Irish March*
– *The Flute and the Drum*

Danza popular
– *La volta Lady Morley*
– *Oh Fortune*
– *Wolseys Wilde*

Danza cortesá
– *The Tennthe Pavian: Mr. W. Peter*
– *The Galliarde to the Tenth Pavian*

*Italia: A danza como transformación*
**Antonio Valente (ca. 1520-ca. 1600)**
– *La Romanesca, con cinque mutanze*
– *Lo ballo dell'intorcia*

**Girolamo Frescobaldi (1583-1643)**
– *Balletto*
– *Corrente*
– *Passacagli*

**Bernardo Storace (1637-1707)**
– Balletto
– Corrente

*Península ibérica: A danza como enerxía popular*
**Antonio Mestres (?-1786)**
– Tocata pastoril

**Antonio Martín y Coll (ca. 1660-1734)**
– *Pasacalles I y II*
– *Danza del hacha*
– *Villano*
– *Diferencias sobre la gaita*



A música para órgano en Portugal recibiu unha forte influencia da cultura francesa, espello dunha relación que abarca tamén a literatura e as demais artes. En pleno Romanticismo, París e Lisboa comezaron a ter unha forte ligazón; de feito, moitos dos compositores portugueses do período estudaron no Conservatorio de París, convertendo a escola francesa na gran referencia para a música en Portugal —sen esquecer a forte presenza da escola de piano en todo este proceso—.

O programa deste concerto presenta precisamente ese panorama da música do século XIX en Portugal a través de dous dos seus nomes principais: Augusto Machado e Luís de Freitas Branco, figuras clave non só da música para órgano, senón tamén para orquestra e coro. Á súa vez, Marcos Portugal, aínda que impregnado da composición clásica, foi quen deu inicio a todo este proceso do romanticismo no país. Pola súa parte, Joaquim dos Santos, compositor da diocese de Braga —tan próxima a Galicia—, é quizais un dos maiores compositores para órgano da actualidade, grazas á música profundamente expresiva e ás poéticas disonancias que presenta na súa obra. Para completar este percorrido, non podían faltar dous referentes franceses: Courtonne, organista en Nantes, e Théodore Dubois, con cuxa famosa *Toccata* finalizará o concerto.

Trátase, en definitiva, dunha auténtica viaxe por unha cultura portuguesa hoxe un pouco esquedida, pero que garda unha riqueza musical única capaz de retratar, ao mesmo tempo, un *Portugal français*.

# Daniel Oliveira

## ÓRGANO

## *A música para órgano en Portugal a partir de 1800: a influencia francesa*

**LUNS 16 DE NOVEMBRO — 21:00**
**CONCATEDRAL DE SANTA MARÍA DE VIGO**

COLABORA

CAMÕES CENTRO CULTURAL PORTUGUÊS PORTUGAL
MINISTÉRIO DOS NEGÓCIOS ESTRANGEIROS

ENTRADAS EN ATAQUILLA.COM
E NA SEDE DE AFUNDACIÓN

### PROGRAMA

**Marcel Courtonne (1883-1954)**
*Grand Choeur (ca. 1912)*

**Marcos Portugal (1762-1830)**
*Sonata para órgano en re maior (ca. 1790-1800)*

**Joaquim dos Santos (1936-2008)**
*Preludio, ricercare e coral (1987)*

**Augusto Machado (1845-1924)**
*Preludio para órgano (ca. 1900)*
*Allegretto (ca. 1900)*
*Improvisación (ca. 1900)*

**Luís de Freitas Branco (1890-1955)**
*Dúas obras para órgano ou harmonio (1913)*
*– Chant religieux portugais*
*– Aria*
*Coral para órgano (1913)*

**Théodore Dubois (1837-1924)**
*Toccata, das Doce pezas para órgano (1886)*



A primeira música para órgano que se conserva escrita en partitura remóntase ao século XV e está estreitamente vinculada á práctica da transcrición e da adaptación de música preexistente. Este feito permítenos comprender a importancia que tiveron os arranxos para este instrumento ao longo da súa historia.

Seguindo esta tradición centenaria, neste concerto escoitaremos a colección de catro concertos coñecida como *As catro estacións* de Antonio Vivaldi, nunha versión para violín e órgano. Mentres que o violín solista interpreta a parte orixinal de Vivaldi, o órgano asume o conxunto das demais partes orquestrais, trasladando a un só instrumento a riqueza e a complexidade da escritura concibida orixinalmente para a orquestra.

Grazas á diversidade dos seus rexistros, aos seus distintos teclados e ao pedaleiro, o órgano ofrece unha extraordinaria variedade de cores e recursos sonoros que lle permiten afrontar este desafío. O resultado é unha nova perspectiva sobre unha das obras fundamentais da historia da música: unha música que recoñecemos, pero que se nos presenta cunha sonoridade diferente e nos convida a descubrila de novo.

# Miriam Hontana

**VIOLÍN**

# Daniel Oyarzabal

**ÓRGANO**

**MARTES 17 DE NOVEMBRO — 21:00**
**CONCATEDRAL DE SANTA MARÍA DE VIGO**



ENTRADAS EN ATAQUILLA.COM
E NA SEDE DE AFUNDACIÓN

**PROGRAMA**

**Maurice Duruflé (1902-1986)**
*Toccata, da Suite para órgano, op. 5*

**Antonio Vivaldi (1678-1741)**
*Concerto para dous violíns en re menor, RV 565*
transcrición para órgano de
Johann Sebastian Bach (BWV 596)

**Antonio Vivaldi (1678-1741)**
*A catro estacións, da colección O desafío da harmonía e a invención, op. 8*
– *Concerto n.º 1 en mi maior, «A primavera», RV 269*
Allegro — Largo e pianissimo sempre — Allegro pastorale

– *Concerto n.º 2 en sol menor, «O verán», RV 315*
Allegro non molto — Adagio molto — Allegro

– *Concerto n.º 3 en fa maior, «O outono», RV 293*
Allegro — Adagio molto — Allegro

– *Concerto n.º 4 en fa menor, «O inverno», RV 297*
Allegro non molto — Adagio molto — Allegro



O programa do concerto propón unha panorámica ampla por algunhas das principais achegas estéticas na literatura organística. O feito de presentar as obras sen seguir unha continuidade cronolóxica anima a descubrir vencellos entre épocas e autores diversos.

Así, poderemos escoitar como Frescobaldi, un dos pais da literatura organística no Barroco, inspirou a György Ligeti, unha das grandes voces do século XX, pois soará o seu *Ricercare* da célebre *Musica Ricercata* na versión para órgano do autor e o *Ricercare post il Credo* de Frescobaldi, no que o húngaro atopou inspiración. O gran compositor para o órgano J. S. Bach soará en varias das pequenas pezas do seu *Orgelbüchlein*. Entre elas escoitarase *O Mensch, bewein dein Sünde gross (Oh home, chora os teus grandes pecados)*, que pode considerarse unha das pezas máis íntimas e melodicamente inspiradas do mestre de Eisenach. No programa figuran tamén dous compositores para os que Bach foi unha figura referencial. Por unha banda, Robert Schumann, quen redescubriu o legado do compositor e de quen escoitaremos unha fuga baseada nas notas que constitúen a firma musical de Bach na nomenclatura alemá (si bemol, la, do, si natural). Por outra, Max Reger, xa na transición ao século XX, quen tenta recoller e afondar no legado contrapuntístico de Bach, neste caso escoitando unha das pezas máis aforísticas dentro do seu catálogo. O programa do concerto iniciarase cunha meditativa peza de Olivier Messiaen, *Le banquet céleste (O banquete celeste)*, a través da que poderemos adentrarnos no universo harmónico dun dos maiores creadores para órgano no século XX.

O concerto pecharase coa estrea dos *Preludios litúrxicos* para Santa María de Vigo. Estas pezas nacen comisionadas polo Festival de órgano de Vigo **8pés**, pensadas para o órgano Alberdi da Concatedral de Santa María de Vigo. Inscríbense na tradición organística de pezas que poidan integrarse de maneira práctica na liturxia. De aí os nomes que percorren diferentes momentos da misa, desde a entrada, a meditación ou o ofertorio ata a comuñón ou a saída. Desta maneira, inténtase proseguir o camiño da creación de literatura pensada para a vida litúrxica dos lugares e dos seus órganos. Sen detrimento de que poidan formar parte do repertorio concertístico, estas pezas aspiran a ter un uso práctico e habitual —como, por outra parte, sucede cunha parte moi significativa da música escrita para órgano ao longo dos últimos séculos—. A colección conforma un mosaico de pequenas pezas que poden escoitarse individualmente ou formando unha constelación maior.

# Fernando Buide

## ÓRGANO

### MÉRCORES 18 DE NOVEMBRO — 21:00
### CONCATEDRAL DE SANTA MARÍA DE VIGO



ENTRADAS EN ATAQUILLA.COM
E NA SEDE DE AFUNDACIÓN

PROGRAMA

**Olivier Messiaen (1908-1992)**
*O banquete celeste (1928)*

**Girolamo Frescobaldi (1583-1643)**
*Ricercare cromático para despois do Credo, dos Fiori musicali (1635)*

**György Ligeti (1923-2006)**
*Ricercare para órgano, homenaxe a Girolamo Frescobaldi (1953)*

**Johann Sebastian Bach (1685-1750)**
*Heut' triumphieret Gottes Sohn, BWV 630*
*O Mensch, bewein dein Sünde gross, BWV 622*
*Wer nur den lieben Gott lässt walten, BWV 642*
do *Orgelbüchlein (ca. 1717)*

**Robert Schumann (1810-1856)**
*Fuga sobre B-A-C-H, op. 60 n.º 3 (1845)*

**Max Reger (1873-1916)**
*Romanza en la menor, WoO IV/11 (1904)*

**Fernando Buide (1980)**
*Preludios litúrxicos*, para Santa María de Vigo (2026, *estrea absoluta*)



# Alma Bettencourt

## ÓRGANO

### XOVES 19 DE NOVEMBRO — 21:00
### CONCATEDRAL DE SANTA MARÍA DE VIGO



ENTRADAS EN ATAQUILLA.COM
E NA SEDE DE AFUNDACIÓN

PROGRAMA

**Charles-Marie Widor (1844-1937)**
*Allegro, da Sinfonía para órgano n.º 6 en sol menor, op. 42 n.º 2 (1878)*

**Camille Saint-Saëns (1835-1921)**
*Preludio e fuga en si maior, op. 99 n.º 2 (1894)*

**Gaston Litaize (1909-1991)**
*Lied, das Doce pezas para órgano (1937)*

**César Franck (1822-1890)**
*Coral n.º 2 en si menor (1890)*

**Louis Vierne (1870-1937)**
*Vinte e catro pezas en estilo libre, op. 31 (1913-1914)*
*– IX. Impromptu*
*– XIX. Berceuse*

**Jehan Alain (1911-1940)**
*Litanies, JA 119 (1937)*



As conexións coa realeza están moi presentes nun programa que reflicte a traxectoria profesional de Peter Holder, especialmente no seu labor como organista no funeral de Estado da súa Maxestade a raíña Isabel II e na coroación das súas Maxestades o rei Carlos III e a raíña Camila. A estreita relación de William Byrd coa Casa Real está amplamente documentada. Séculos máis tarde, Herbert Howells recibiu o encargo de compoñer unha obra para a coroación da raíña Isabel II, mentres que William Harris foi un dos organistas da cerimonia e tamén o profesor de piano da raíña durante a súa infancia.

O programa conclúe con obras dos compositores contemporáneos Judith Weir e Iain Farrington. Weir foi a primeira muller en ocupar o prestixioso cargo de Mestra de Música do Rei, e Farrington compuxo a obra para órgano *Voices of the World* para a coroación do 2023. Menos coñecido é o feito de que o *Preludio e fuga en mi bemol maior* de J. S. Bach tamén se incluíu nas dúas cerimonias mencionadas, celebradas nos últimos anos.

# Peter Holder

## ÓRGANO

## VENRES 20 DE NOVEMBRO — 21:00
## CONCATEDRAL DE SANTA MARÍA DE VIGO

COPRODUCE

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CULTURA · inaem INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA · Centro Nacional de Difusión Musical CNDM

ENTRADAS EN ATAQUILLA.COM
E NA SEDE DE AFUNDACIÓN

PROGRAMA

**Johann Sebastian Bach (1685-1750)**
*Preludio e fuga en mi bemol maior, BWV 552 (ca. 1724)*

**William Byrd (1540-1623)**
*The Tennthe Pavian: Mr. W. Peter*
*The Galliarde to the Tenth Pavian*
do *My Ladye Nevells Booke (1591)*

**Herbert Howells (1892-1983)**
*Master Tallis's Testament (1940)*

**William Harris (1883-1973)**
*Flourish for an Occasion (1948)*

**Judith Weir (n. 1954)**
*Tree of Peace (2017)*

**Iain Farrington (n. 1977)**
*Raggle Taggle Tunes (2024)*
*– I. Step Up*
*– II. Lazarus Blues*
*– III. Whirligig Jig*



Entre finais do século XIX e a segunda metade do XX, Europa viviu unha época de extraordinaria confianza na capacidade da arte para reinventar o mundo. A música non foi allea a ese impulso: do refinamento poético da *Belle Époque* ás linguaxes máis contrastadas e abertas da posguerra, cada xeración tentou debuxar a súa propia imaxe do futuro.

Este programa percorre o rol do repertorio organístico nese horizonte. Marco Enrico Bossi, quizais o primeiro concertista internacional de órgano en sentido moderno, preséntase con espírito virtuoso, afirmando con enerxía a vocación do órgano como instrumento de concerto; a *Petite suite* de Debussy abre un espazo de evocación e cor, inspirado polo ánimo cosmopolita que trouxeron consigo as exposicións universais de París; a compositora Claire Delbos (pseudónimo de Louise-Justine Delbos-Messiaen) explora nas súas *Dúas pezas para órgano sobre temas sacros a lírica modal*, a tímbrica do instrumento e a microelaboración contrapuntística, aspectos que forman parte da mesma nova linguaxe musical que consagraría o seu marido Olivier Messiaen; Widor leva ao seu cumio o xénero da sinfonía para órgano, demostrando unha xestualidade abraiante que pretende espellar a marabilla da modernidade; por último, o autor letón Marģeris Zariņš ofrece unha música de movemento e contraste, á vez lixeira e pensativa, ligada á nova tecnoloxía musical e acorde coa dualidade contrastante entre a esfera pública e a privada que a miúdo caracterizou a obra dos artistas que medraron na Unión Soviética.

# Daniel Sanmartín Nieto

**ÓRGANO**

# Orquesta Clásica de Vigo

**DIRECCIÓN: MANUEL MARTÍNEZ ÁLVAREZ-NAVA**

## *Debuxando o mañá: o órgano da Belle Époque á era espacial*

**VENRES 20 DE NOVEMBRO — 21:00**
**CONCATEDRAL DE SANTA MARÍA DE VIGO**

ENTRADAS EN ATAQUILLA.COM
E NA SEDE DE AFUNDACIÓN

**PROGRAMA**

**Marco Enrico Bossi (1861-1925)**
*Scherzo en sol menor, op. 49 n.º 2 (ca. 1903)*

**Claude Debussy (1862-1918)**
*Petite suite (1889)*
transcrición para órgano de Léon Roques e Daniel Sanmartín
– *I. En bateau*
– *III. Menuet*
– *IV. Ballet*

**Claire Delbos (1906-1959)**
*Dúas pezas para órgano (1935)*
– *I. L'homme né de la femme vit peu de jours… (Job 14:1)*
– *II. La Vierge berce l'Enfant*

**Charles-Marie Widor (1844-1937)**
*Sinfonía para órgano n.º 5 en fa menor, op. 42 n.º 1 (1879)*
– *I. Allegro vivace*
– *II. Allegro cantabile*
– *V. Toccata*

**Marǧeris Zariņš (1910-1993)**
*Concerto para órgano e orquestra n.º 1, «Innocente» (1969)*
– *I. Allegro gaio*
– *II. Andante pensieroso*
– *III. Allegro volando*

## Alejandra Escolante

ÓRGANO

Inicia os seus estudos de música no Conservatorio Superior de Música da Coruña, no que finaliza os Graos Superiores de Piano, Música de Cámara, Solfexo e o Grao Elemental de Violín, obtendo simultaneamente o Grao en Ciencias Económicas. Recibe clases de piano de Lidia Stratulat (en Oviedo), Anna Mirzoyan (A Coruña) e Alexander Gold (Santiago). Inicia estudos de órgano histórico con Bruno Forst en 2006, finalizando no Conservatorio de Ourense os graos profesionais de órgano e clave con Marisol Mendive e Alicia Alcaina. Recibiu tamén formación especializada de José Luis González Uriol e Juan de la Rubia. Actualmente, amplía a súa especialización realizando os Estudos Superiores de Clave no Conservatorio Superior de Vigo con Diego Ruenes. Colabora activamente en ciclos de órgano e na súa promoción didáctica, como Ciclo Olladas, XXX Ciclo de Órgano de Xunqueira de Ambía, Ciclo Conmemorativo en San Miguel dos Agros, diferentes edicións da Exposición Didáctica do Órgano Ibérico da Capela da Real Confraría das Ánimas ou Ciclo Lugares e Órganos (As Donas, Cuarteto Alicerce, Quinteto Invento, Catro Quince, Memoria Silente...), visitas a órganos de Compostela, colaboración na serie documental Corpo de vento, relatora nos cursos Sinerxías entre dereito e música da USC, etc. Así mesmo, colaborou recentemente co Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses no proceso de revisión de órganos e a súa divulgación didáctica. Ademais, promoveu diversas actividades culturais e musicais en Compostela (Xornadas de Órgano Mariano Tafall, Ciclo de Cámara Hilario Courtier, Xornadas Didácticas...). Participou como organista coa Orquestra Clásica de Vigo e a solo nas dúas últimas edicións do Festival de Música Antigua de Villanueva de Huerva. Como membro fundador do grupo Catro Quince, especializado na interpretación da música historicamente informada do século XVII, participou en diferentes proxectos e festivais de música antiga, destacando o Festival de Música Antiga de Villanueva de Huerva, Lugares e Órganos, Un camiño ben temperado ou o Concerto en Escena das Sonatas do Rosario coa actriz Nuria Lestrgás. Desde 2025 tamén forma parte do grupo historicista Alday. Exerce desde 2005 o labor docente de pianista acompañante e profesora de piano no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.

## Daniel Oliveira

ÓRGANO

Natural de Alenquer, iniciou os seus estudos na Escola de Música de Nossa Senhora do Cabo, en Linda-a-Velha, onde estudou órgano e clave con João Paulo Janeiro. Proseguiu a súa formación musical e graduouse en órgano na Escola Superior de Música de Lisboa, baixo a orientación de João Vaz. Tamén se licenciou en clave na mesma institución, baixo a orientación de Ana Mafalda Castro. Realizou o mestrado en Pedagoxía do Órgano na Escola Superior de Música de Lisboa. É tamén licenciado en Ciencias Musicais pola Universidade Nova de Lisboa. Formouse con diversas personalidades, como Graham Barber, Ketil Haugsand, Javier Artigas, L. F. Tagliavini, J. L. G. Uriol, Kristian Olesen, Miklós Spányi, Peter Holtslag e Roberto Fresco. Actúa con frecuencia como solista ou en agrupacións vocais e instrumentais, participando en numerosos festivais de órgano e de música antiga en Portugal e no estranxeiro. Cómpre salientar o Festival Internacional de Órgano

de León (España), o Ciclo Internacional de Órgano de Cantabria, o Festival de Órgano de Málaga, o ciclo de concertos do Santuario de Fátima, o Festival de Música Antiga de Castelo Novo, o Festival de Música Antiga de Santarém, o Festival de Órgano de Santarém e o Ciclo de Órgano de Sevilla, entre outros. É profesor de órgano, harmonía e baixo continuo no Conservatorio Nacional e no Conservatorio de Música da Física de Torres Vedras. No ámbito pedagóxico, está a preparar actualmente un manual práctico para o ensino do órgano na infancia e recibe regularmente invitacións para impartir clases maxistrais e cursos de formación destinados a organistas litúrxicos. É director artístico do Festival de Música Antiga de Torres Vedras e do Ciclo de Órgano da mesma cidade, así como do Ciclo de Música Barroca de Mafra IN MÚSICA. É organista titular dos órganos históricos da Igrexa Matriz de Oeiras e da Igrexa da Misericórdia de Torres Vedras.

## Daniel Oyarzabal

**ÓRGANO**

Daniel Oyarzabal conta cunha longa traxectoria internacional que, desde hai anos, desenvolve a través dunha intensa actividade concertística en prestixiosos festivais de máis de 30 países de Europa, Asia, África e América. Cunha visión versátil da música, Daniel Oyarzabal mantén na actualidade unha actividade profesional plenamente multidisciplinar, que abrangue unha ampla variedade de intereses artísticos e educativos. Como solista de clave e órgano, o seu instrumento principal, actuou en importantes escenarios internacionais, como o Teatro Mariinski de San Petersburgo, o teatro de ópera Düsseldorf Opernhaus, o Estonia Concert Hall de Tallin, o Auditorium de Lyon, o Palau de les Arts Reina Sofía e o Palau de la Música de Valencia, o Gran Teatre del Liceu de Barcelona, o Teatro Real e o Auditorio Nacional de Música de Madrid, a Stiftbasilika de St. Florian, en Austria, e as catedrais de Moscova, Ámsterdam, Rotterdam, Florencia, León e Sevilla, entre outros. Graduouse cum laude en clave e órgano no Conservatorio de Vitoria-Gasteiz, a súa cidade natal, e completou a súa formación con destacados mestres europeos mediante diversos estudos de posgrao en órgano, clave e instrumentos históricos nos conservatorios superiores de Viena, A Haia e Ámsterdam. Oyarzabal recibiu importantes galardóns, entre os que destacan o Premio Especial da Prensa na Mostra Nacional para Mozos Intérpretes de Eivisa (1991), o primeiro premio no Concurso Internacional de Música de Roma (1998) e o terceiro premio no XIX Concurso Internacional de Nimega, nos Países Baixos (2002). Na actualidade, é profesor do Grao en Composición de Músicas Contemporáneas da Escola Universitaria de Artes e Espectáculos TAI-Universidade Rey Juan Carlos de Madrid e organista principal da Orquestra Nacional de España.

## Miriam Hontana

**VIOLÍN**

Miriam Hontana consolidouse como unha das violinistas máis eclécticas e destacadas da súa xeración. A súa traxectoria como solista, concertino, música de cámara e integrante de diversas orquestras levouna a actuar en prestixiosos festivais e salas de concertos de países como España, Alemaña, Bélxica, Romanía, Austria, Suíza, Eslovaquia, Hong Kong, Taiwán, República Dominicana, Brasil, Arxentina e China. Entre os escenarios máis emblemáticos nos que actuou destacan o Konzerthaus de Berlín, o Palau de la Música de Barcelona, o Auditorio Nacional de Madrid, o Brucknerhaus de Linz e o Konzerthaus de Viena. Formouse en

violín e viola con mestres como Sergei Fatkulin, Ana María Valderrama e Luis del Valle, e especializouse en violín barroco e interpretación histórica con Olivier Fourés e Hiro Kurosaki. Miriam combina unha sólida técnica clásica cunha profunda sensibilidade cara ao repertorio interpretado segundo criterios historicamente informados. En 2021 fundou OBNI, un ensemble dedicado ao gran repertorio barroco para violín. Con OBNI participou en festivais de prestixio como o Festival Internacional de Arte Sacro da Comunidade de Madrid, o Festival de Música Antiga de Innsbruck e Musika-Música, en Bilbao. O seu primeiro álbum, Bach & Vivaldi: Violin Concertos, inclúe concertos para violín de ambos os compositores, así como unha interpretación da Ciaccona para violín só, e tivo unha excelente acollida tanto por parte do público como da crítica especializada. «Unha experiencia de abdución altamente recomendable». —Carlos García Reche, Melómano. Como solista, Miriam levou aos auditorios obras fundamentais como As catro estacións e L'estro armonico, de Vivaldi, actuando en espazos tan recoñecidos como o Auditorio Nacional de Madrid, o Palacio Euskalduna de Bilbao, o Auditorio Alfredo Kraus de Las Palmas e o Auditorio de Tenerife.

## Fernando Buide

**ÓRGANO**

Organista residente da Catedral de Santiago de Compostela, Buide formouse como instrumentista e compositor nos conservatorios de Oviedo e Santiago de Compostela, así como na Universidade Carnegie Mellon de Pittsburgh e na Universidade de Yale, onde recibiu o seu doutoramento. Discípulo dos organistas Antonio Díaz Corveiras e Donald Wilkins, foi titular da igrexa presbiteriana de Forest Hills en Pittsburgh. Activo como compositor e intérprete, a música de Buide abarca desde obras de cámara e solista ata óperas e pezas sinfónico-corais. As súas obras foron interpretadas por formacións internacionais como as orquestras de Filadelfia, Pittsburgh e Minnesota, así como por moitas das orquestras sinfónicas españolas (Sinfónica de Madrid, ROSS, OSPA, RTVE, Tenerife, Gran Canaria, etc.). Colaborou con directores como Roberto González, Paul Daniel, Osmo Vänska, Libor Pesek, Pablo González, Lorenzo Viotti, José Ramón Encinar, Miguel Hart-Bedoya, Clemens Schuldt, Rossen Milanov ou Jaime Martín. Entre as súas estreas sinfónicas destaca o seu concerto para órgano e orquestra, encarga da Orquestra Nacional de España e estreado por Juan de la Rubia no órgano Grenzing do Auditorio Nacional de Música en Madrid. Cun interese especial pola música vocal, Buide presentou a súa primeira obra escénica, A amnesia de Clío, en 2019, con dirección escénica de Marta Pazos e dirección musical de Paul Daniel. Entre as súas estreas máis recentes destaca Ruada, obra encarga da Orquestra Sinfónica de Galicia para abrir os concertos da súa xira de presentación polo Reino Unido. Compositor residente na Real Academia Española de Roma, tamén recibiu premios como o AEOS-BBVA, o Premio Michael Friedmann de investigación, bolsas da Fundación Barrié e a bolsa Leonardo da Fundación BBVA. Este ano ocupou a cátedra de composición do curso Música en Compostela.

## Alma Bettencourt

**ÓRGANO**

Nada en 2004, Alma Bettencourt é organista e pianista. Concertista internacional, é tamén, desde setembro de 2025, organista en residencia na Maison de la Radio et de la Musique de París. En 2024 gravou para a etiqueta Rocamadour o seu primeiro disco en solitario de piano

e órgano, Julius Reubke, Les Deux Sonates, aclamado pola crítica. Alma comeza a tocar o piano aos cinco anos e o órgano aos once na clase de Éric Lebrun, antes de ingresar en 2020 no Conservatorio Nacional Superior de París. Alí estuda órgano con Olivier Latry, Michel Bouvard, Thomas Ospital e Maude Gratton, así como piano con Emmanuel Strosser, Cécile Hugonnard-Roche e Lidija Bizjak. Obtén o seu Máster de Interpretación en órgano, por unanimidade, en xuño de 2025. É premiada en varios concursos en ambos os dous instrumentos, entre eles o Premio Gaston Litaize do Concurso Internacional de Órgano do Canadá en 2024. Amosa un gran interese pola música contemporánea. En outubro de 2025, xunto a Nadia Ratsimendresy, interpreta na súa estrea mundial Nocturnes, para ondas Martenot e órgano, de Tobias Feierabend (encargo de Radio France), ademais de realizar varias actuacións, como a estrea en Francia do Concerto para acordeón de Georges Aperghis durante o Festival Présences 2026. Estrea obras de Michel Boédec, como Aleppian Circle, da que é dedicataria e con quen grava o seu primeiro disco, #1653, en 2019. Desde 2016 preséntase como organista en lugares prestixiosos de Francia e do estranxeiro: Philharmonie de París, Auditorium de Radio France, Auditorium de Lyon, Philharmonie de Berlín, Maison Symphonique de Montreal, Auditorio Nacional de Música de Madrid, Notre-Dame de París, Saint-Sulpice, Saint-Eustache, Catedral de San Estevo de Viena, Marienkirche de Lübeck… Colabora con numerosas orquestras (Orquestra Filharmónica de Radio France, Orquestra Nacional de Francia, Orquestra de París, Orquestra Nacional de Lión…) baixo a dirección de Santtu-Matias Rouvali, Frank Strobel, Cristian Măcelaru, Lionel Sow, Catherine Simonpietri e Marc Korovitch.

## Peter Holder

**ÓRGANO**

Peter Holder é director de Música e bolseiro titor no Christ Church, Oxford. Como organista segundo da Abadía de Westminster, cargo que desempeñou entre 2017 e 2024, foi o organista principal nos oficios litúrxicos diarios da abadía e nas cerimonias de Estado, e acompañou o coro da abadía nos seus concertos, gravacións e retransmisións. Peter foi o organista no funeral de Estado da súa maxestade a raíña Isabel II e na coroación das súas maxestades o rei Carlos III e a raíña Camila. Entre 2014 e 2017, exerceu como organista segundo na catedral de San Pablo, en Londres. Desde o seu nomeamento no Christ Church en 2024, Peter impulsou o encargo e a estrea de obras de compositores de recoñecemento internacional como Errollyn Wallen —Mestra de Música do Rei— e Nico Muhly, con quen se puxo en marcha un programa multifacético de compositor residente. Peter dirixiu os coros da catedral en retransmisións para BBC Radio 3 e Radio 4, así como en interpretacións de Membra Jesu Nostri, de Buxtehude; O Mesías, de Händel; A creación, de Haydn, e As sete últimas palabras de Cristo na cruz, de James MacMillan. Nestes concertos colaborou con The English Concert e Britten Sinfonia. Fóra do Christ Church, tamén actuou no Carnegie Hall, no Schwarzman Centre e no Wigmore Hall. Peter codirixiu a organización dun festival de música celebrado entre outubro e novembro de 2025, co obxectivo de promover a distinguida tradición musical do Christ Church e celebrar o talento de artistas e compositores vinculados á institución no ano do seu quinto centenario. Na actualidade, supervisa o encargo de catro novos órganos para a catedral. Peter completou os seus estudos universitarios e de posgrao na Royal Academy of Music, baixo a tutela de David Titterington, e obtivo numerosos premios e recoñecementos

de gran prestixio. Posteriormente, ampliou a súa formación con Jon Laukvik na Hochschule für Musik und Darstellende Kunst de Stuttgart e con Thierry Escaich en París. En 2024 foi elixido membro honorario da Royal Academy of Music.

## Daniel Sanmartín Nieto

**ÓRGANO**

Nado en Pontevedra, Daniel completa as ensinanzas profesionais de música en Percusión e Piano e, no Conservatorio Superior de Música de Vigo, obtén os títulos superiores en Etnomusicoloxía e Musicoloxía Histórica baixo a titoría de Javier Jurado, coas máximas cualificacións e premio extraordinario fin de estudos. No Conservatorio Santa Cecilia de Roma acada cum laude os diplomas de segundo ciclo en Disciplinas Históricas, Críticas e Analíticas da Música —baixo a supervisión de Cecilia Campa—, en Cravo e Teclados Históricos —coa guía de Enrico Baiano— e en Órgano e Composición Organística —como discípulo de Alberto Pavoni—, completando a súa formación co estudo da Dirección. É autor de diversas publicacións académicas e ten colaborado como relator con entidades como a Pontificia Universidade Lateranense, o Conservatorio de Roma, o Museo de Arte Contemporánea de Vigo, a Fundación G. P. da Palestrina ou a asociación Nuova Consonanza. Cun interese artístico que se estende desde a música antiga ata a creación contemporánea interdisciplinar, ten ofrecido concertos como solista ao órgano, cravo e fortepiano en institucións como o Museo Nacional de Instrumentos Musicais de Roma, a sala académica do conservatorio da mesma cidade, a Fundación Varrone de Rieti, o Instituto Histórico Xermánico de Roma, o Festival Internacional de Percusión de Almería, o festival Un organo per Roma, o festival Improbabylon de Roma ou o festival Híbridas de Santa Clara en Pontevedra. Colaborador habitual da Clásica, exerce como vicedirector artístico do festival organístico **8pés** desde a súa primeira edición, do ano 2021.

## Manuel Martínez Álvarez-Nava

**DIRECTOR TITULAR E ARTÍSTICO**

Nacido en Oviedo en 1957. Discípulo do mestre Alfonso Ordieres Rivero, estuda violín e viola no Conservatorio Superior de Asturias. Posteriormente amplía os seus estudos de viola con Enrique Santiago. Estuda dirección de orquestra co mestre Jacques Bodmer, discípulo do lendario mestre Hermann Scherchen. Foi profesor violista da Orquesta Sinfónica de Asturias «Angel-Muñiz Toca» entre 1977 e 1983. Fundador, solista e concertino da Orquesta Universitaria de Oviedo, da que tamén foi director adxunto. De 1983 a 2023 foi catedrático de violín no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Recentemente foi director convidado en cidades como Porto, L'Aquila, Viana do Castelo, Trento ou Hamburgo. É o director titular da Orquesta Clásica de Vigo desde a súa creación en 1984.



# ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

A Orquesta Clásica de Vigo, decana de Galicia, naceu en 1984 da man do seu director titular e artístico Manuel Martínez Álvarez-Nava, configurando un proxecto que ofrece a súa programación anual na cidade de Vigo. Nos máis de 40 anos de historia da entidade, as obras interpretadas superan as 600, sendo isto un exemplo de aposta pola diversidade na música. Nos últimos anos realizou propostas de danza, cinema en directo, bandas sonoras, propostas actuais e obras consagradas. Trátase dunha formación que aposta pola innovación, os novos formatos e o traballo entre disciplinas, espazos e estilos. Polos seus atrís pasaron máis de 700 instrumentistas de toda Galicia e do Norte de Portugal, con máis de 160 solistas. A Orquesta Clásica de Vigo non entende de estilos ou etiquetas na súa programación, que se acolle como unha oportunidade para explorar a riqueza do patrimonio musical e atraer a públicos distintos aos da música clásica tradicional.

# FORON PARTE DO 8PÉS

**2021**
Fernando Álvarez
+ Vicente Cueva
Arturo Barba
Loreto Aramendi

**2022**
Ignacio Prieto
Paula Dios
Álvaro Fernández
Hugo Pérez
Martín Rodríguez
Andrea Torrado
Alize Mendizábal
Juan de la Rubia
Daniel Oyarzabal

**2023**
Carlos F. Bollo
Roberto Fresco
Enrique Martín-Laguna

**2024**
David Maceira
Miriam Cepeda
Montserrat Torrent
Alberto Pavoni
Arturo Barba

**2025**
Diego Innocenzi
Óscar Candendo
Olivier Latry
Enrique Martín-Laguna





# COLABORA CO TEU DONATIVO Á CONTINUIDADE DO 8PÉS

O 8pés é un festival único en Galicia que ten lugar nun espazo de culto e non cobramos entrada, feito que nos obriga a apelar á túa contribución para seguir medrando. Traballamos converternos nun referente peninsular con recursos limitados e sodes unha peza fundamental do festival.

Nas cinco edicións precedentes, o festival presentou aos artistas máis importantes do panorama musical estatal, como son Arturo Barba (Palau de les Arts), Loreto Aramendi (Santa María do Coro, Donostia), Fernando Álvarez (Basílica de Covadonga, Asturias), Alize Mendizábal (Santa María do Coro, Donostia), Juan de la Rubia (Sagrada Familia, Barcelona), Daniel Oyarzabal (Auditorio Nacional, Madrid), Roberto Fresco (Catedral da Almudena, Madrid), Enrique Martín-Laguna (Catedral de Xetafe, Madrid), Carlos Fernández Bollo (Catedral de León), Montserrat Torrent (Premio Nacional de Música 2021), Miriam Cepeda (Begoña, Bilbao), Alberto Pavoni (Conservatoiro de Santa Cecilia, Roma), Óscar Candendo (ESMUC), Diego Innocenzi (Victoria Hall, Xenebra), e Olivier Latry (Catedral de Notre Dame, París)

En 2025, o festival superou os 1.400 asistentes que compartiron o obxectivo de dar a coñecer o único órgano funcional da cidade de Vigo e traballar para xerar unha audiencia crítica e estable. De feito tivemos que alugar cadeiras para dar resposta á vosa vontade nos concertos de maior demanda. A continuidade deste festival supón unha aposta polo mantemento e coidado; afinando, repasando e detectando posibles problemas que poida sufrir este instrumento centenario.

Neste 2026 o cartel non pode ser máis ambicioso e por iso queremos apelar novamente á túa responsabilidade e compromiso co festival. Queremos seguir ofrecéndoche os mellores concertos na cidade de Vigo e xa pensamos na edición do 2027.

Grazas por contribuír a que o 8pés sexa posible. Contamos contigo.



# Concerto Extraordinario de Nadal 2026: *Shostakóvich*

## PRÓXIMO CONCERTO

**MÉRCORES 30 DE DECEMBRO — 20:30**
**TEATRO AFUNDACIÓN DE VIGO**



ENTRADAS EN ATAQUILLA.COM
E NA SEDE DE AFUNDACIÓN

### PROGRAMA

*Concerto para frauta,*
*de Jacques Ibert*

*Sinfonía n.º 1 en fa menor, Op. 10,*
*de Dmitri Shostakóvich*

### FRAUTA

Fernando Raña Barreiro

### DIRECCIÓN

Manuel Martínez Álvarez-Nava

ORGANIZA

a clásica

COLABORAN

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

Deputación Pontevedra

CAMÕES CENTRO CULTURAL PORTUGUÉS PORTUGAL
MINISTÉRIO DOS NEGÓCIOS ESTRANGEIROS

MdM MUSEO DO MAR DE GALICIA

COPRODUCE

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CULTURA · inaem INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA · Centro Nacional de Difusión Musical CNDM

PARTNER LOXÍSTICO

Welgood

MEDIA PARTNER

CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA

melómano

a Movida AXENDA CULTURAL

ENTRADAS

ATAQUILLA.COM